



Tendo en conta que o tecido asociativo e deportivo do concello de Zas presenta unha diversidade e unha vitalidade que fan del un referente fundamental á hora de programar e aplicar políticas e accións de normalización lingüística asináronse convenios de colaboración en materia lingüística entre o Concello de Zas e as asociacións culturais e deportivas.

Coa sinatura destes convenios preténdense aumentar os usos da lingua galega por parte do mundo cultural, asociativo e deportivo, crear redes de apoio á lingua galega dentro do mundo sociocultural e deportivo, facilitarlles aos sectores sociocultural e deportivo ferramentas informáticas e de xestión en lingua galega, facilitarlles aos sectores cultural e deportivo modelos de documentación administrativa en lingua galega e mellorar a eficacia das axudas públicas para acadar procesos duradeiros de galeguización das asociacións, clubs deportivos, etc.

Neste folleto preséntanse distintas actividades programadas ao abeiro dos ditos convenios de colaboración.



ASESORAMIENTO LINGÜÍSTICO E FORMACIÓN PARA ASOCIACIÓNS

SNL DO CONCELLO DE ZAS

ASESORAMIENTO LINGÜÍSTICO

En que consiste?

Entre outras cousas corriximos e/ou traducimos os textos da asociación.

Caso práctico 1:

Unha asociación quere facer un folleto de actividades.

Pedirlle á imprenta ou ao deseñador/dora que lle pase unha proba e remitirle esta proba ao SNL do Concello de Zas.

O SNL do Concello de Zas corrixirá a proba e remitiralla corrixida, ben a asociación ben directamente á imprenta/deseñador-a.

Caso práctico 2:

Unha asociación ten un sitio web en castelán e quere que apareza en galego.

O SNL do Concello de Zas traducirá os textos do sitio web e enviarallos a asociación para que elabore a nova web.

Caso práctico 3:

Un directivo/a dunha asociación ten que facer unha intervención en público. Como non tivo formación en lingua galega e ten medo de meter a pata está pensando en realizala en castelán.

Este directivo/a contacta co SNL do Concello de Zas, onde o/a axudan a elaborar a súa intervención en lingua galega, e o/a asesoran acerca de como intervir, que palabras usar, que palabras evitar, etc.

FORMACIÓN

O SNL do Concello de Zas ten deseñada unha oferta formativa destinada especificamente para os membros das asociacións do concello.

Obradoiro Como falar e escribir en galego con fluidez

Duración: 6 horas (3 sesións de 2 horas)

Neste curso trataranse algúns trucos para utilizar unha lingua galega máis correcta e fluída, farase un breve resumo das Normas ortográficas e morfolóxicas e presentaranse algunhas ferramentas de apoio para mellorarmos no uso da lingua galega.

Obradoiro de recursos para a normalización lingüística na Internet

Duración 4 horas (2 sesións de 2 horas)

Na Internet existen recursos accesibles de maneira gratuíta que nos axudarán a utilizar de maneira correcta a lingua galega. Só temos que coñecelos.

Obradoiro de aproximación ao uso non sexista da linguaxe

Duración: 5 horas (3 sesións de 90 minutos)

As persoas asistentes ao obradoiro poderán identificar os casos de uso sexista da linguaxe e disporán das ferramentas axeitadas para evitalos. As sesións desenvólvense de xeito práctico centradas na análise de documentos reais.

Obradoiro de redacción de documentos administrativos para as directivas de asociacións

Duración: 9 horas (6 sesións de 90 minutos)

A linguaxe administrativa non ten porque ser incomprendible nin distante. Este obradoiro está pensado para que, a través da práctica, melloremos a redacción e a presentación dos documentos da asociación.

SNL do Concello de Zas

Praza do Campo, 1

15850 Zas (A Coruña)

Tel. 981 708 303 FAX: 981 751 142

normalizacion.linguistica@zas.dicoruna.es

www.snlzas.dicoruna.es